

# PATRIMONIO e CONSERVACIÓN







# INICIO

As **FICHAS DE PATRIMONIO** que vos presentamos, e que son a base do programa formativo "**O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos**", están deseñadas para traballar co voso alumnado diversos aspectos relacionados co patrimonio cultural da ruta xacobeá.

Cada unha das fichas ordénase nunha secuencia semellante á que se establece nas etapas do Camiño. As conclusións extraídas co traballo de cada unha delas serán abertas e susceptibles de relacionarse coas elaboradas para outros contidos temáticos.

Non son un "manual de instrucións" senón que presentan unha serie de pautas para que os docentes poidades tomar o que máis vos conveña en función das características e intereses do grupo ao que vos dirixides.

Estrutúranse do seguinte xeito:

→ Nun primeiro momento, e a xeito de treboada de ideas, plantexámosvos unha serie de ítems que o docente pode adaptar ás necesidades educativas da aula. Non se trata de que o alumnado dea unha resposta única a cada unha das cuestións, senón que se chegue, dentro da clase, a respostas globais que se debatan entre diferentes grupos flexibles organizados polo profesor.

→ Tras a posta en común sobre as respostas ás cuestións plantexadas, no apartado **PROPOÑEMOS** o profesor atopará unha serie de actividades realizables dentro e fóra da aula que completen os coñecementos adquiridos.

O plantexamento, tanto de ítems como de actividades, responde aos principios de interdisciplinaridade e aprendizaxe colaborativa. Poderán secuenciarse nas programacións da aula, constituíndo unha xornada final de traballo naquelas unidades didácticas nas que se aluda aos contidos teóricos que explican o Camiño de Santiago nas diferentes materias do currículo.

O obxectivo final do traballo cos materiais que aquí presentamos será a elaboración dun traballo de creación artística sobre o Camiño de Santiago.

Bo Camiño

En fichas anteriores formulamos varias ideas relacionadas coa importancia que ten o patrimonio cultural. Se algo é importante debe ser protexido, polo tanto a protección e conservación do noso patrimonio cultural, e o papel que o voso grupo vai xogar neste asunto, serán a base desta ficha. As xeracións futuras teñen esa responsabilidade, mais para iso deben coñecer que pasaría se se perde e os perigos que corre o patrimonio.

## ETAPA 12

Patrimonio e conservación

### RISCOS PARA O PATRIMONIO CULTURAL *inmaterial*

Para iniciar este tema imos lembrar todas aquelas manifestacións do patrimonio cultural que o voso grupo incluíu no esquema da proposta I da etapa 6, con exemplos que incluían cada tipo de patrimonio próximo á vosa localidade, sinalando a súa tipoloxía.

**Poderían lembralas todas sen ter que procurar?**

As **Administracións Públicas** están encargadas de protexer todos eses exemplos de patrimonio e a **Lei do Patrimonio Histórico Español** e as das Comunidades Autónomas constitúen o seu marco legal. Mais por moitas leis e medios que se dispoñan, nunca se poderá salvagardar nada diso se a sociedade máis próxima non o coida. A lei establece o marco xurídico, mais ocuparnos realmente da súa protección é un labor que nos incumbe a todos/as.

Mais, para que alguén se comprometa a protexer algo, previamente ten que **sentilo seu e entender que se perde** coa súa desaparición. Imos explicarllo ao grupo.

Para desenvolver esta idea, formule a seguinte cuestión para que reflexionen en equipos:

**Que cada equipo tome un exemplo do esquema de manifestacións do patrimonio cultural relacionado cos puntos que fan referencia a monumentos, museos ou espazos naturais próximos ("Ficha patrimonio cultural")**

O voso alumnado seguro que foi testemuña algunha vez de ataques contra o patrimonio cultural: pintadas, agresións, actos incívicos, mostras de amor desafortunadas (cadeados en pontes), etc.

**Lembran algún outro?**

**Colaboraron para protexer ese patrimonio cultural?**

Se cadra, é unha cuestión na que nunca se pararon a pensar ou pode que habitualmente desenvolvan traballos de protección do patrimonio, mesmo de xeito inconsciente ou rutineiro.

Despois dunha posta en común en pequenos grupos, pedídelles que expoñan as súas respostas comprobando se coincidiron nalgún punto co resto dos grupos ou se hai respostas que eles/as poden incorporar de xeito sinxelo no seu día a día para protexeren o patrimonio cultural.

**Que acontecería se un día ese monumento, museo ou espazo natural desaparecese porque non o coidamos? Que perden? Como se sentirían? Por que?**

Agora imos escoller outro tipo de patrimonio máis cotián para o alumnado que tamén teñan destacado no esquema. Tome aspectos que vexades próximos para o voso grupo, o verdadeiramente afín aos mozos e mozas. **Ningún coñece coma vós os seus gustos e preferencias.**

Pola nosa banda, propómosvos como exemplos elementos de **patrimonio inmaterial**, que se equiparan mellor coa propia identidade dun pobo. Que imaxinen que desde mañá mesmo non puidesen falar na súa **lingua materna**, gozar da súa **gastronomía tradicional**, xogar aos **deportes** ou **afeccións** propias da súa rexión ou acudir ás súas **festas populares**.

**Que pasaría se un día ese patrimonio cotián desaparecese porque non o coidamos?  
Que perden? Como se sentirían? Por que?**

**As respostas son parecidas ás dadas na anterior pregunta relacionadas con monumentos,  
museos ou espazos naturais?**

**Cales son algúns dos perigos que corre este patrimonio inmaterial?**

Pode resultar sorprendente, mais este patrimonio que sinalamos pode estar en risco hoxe en día.

Aínda que sigan falando na súa lingua materna, gozando da súa gastronomía tradicional, xogando aos deportes ou afeccións propias da súa rexión ou acudindo ás súas festas populares, seguro que incorporaron elementos externos que poden supor un perigo se non se coñecen.

A riqueza da súa lingua vese en risco polo uso e substitución de palabras e expresións doutros idiomas. **Repararon en cantas palabras realmente fermosas da súa lingua cada vez son menos utilizadas? Que importancia ten para eles/elas?**

A gastronomía tradicional da súa rexión, coa que pode que se teñan criado nas súas casas, esquécese

e cámbiase ás veces por un tipo de comida máis rápida de consumir.

**Que importancia ten para eles/elas?**

Os xogos ou deportes tradicionais da súa contorna déixanse de lado por aqueles máis multitudinarios.

**Que importancia ten para eles/elas?**

Nas festas populares, as tradicións, música ou bailes mudaron e en ocasións non teñen tanto arraigo como noutras épocas.

**Que importancia ten para eles/elas?**

Para saber máis, nalgúns casos só teñen que preguntar aos seus familiares e coñecer como se expresaban, comían, xogaban ou se divertían noutro tempo. **É igual que agora?**

**Que haxa mudanzas en cada xeración non supón algo negativo, dado que unha das características propias do patrimonio inmaterial é que está vivo e suxeito a transformacións. Mais deixar de lado todo ese patrimonio anteriormente comentado por descoñecemento fai que perdamos a nosa memoria.**

**(Descubre máis na "Ficha patrimonio e memoria")**

Nos casos expostos, algunhas mudanzas veñen dadas polo mundo globalizado no que vivimos. Non pretendemos deostar o que vén de fóra e converter os nosos mozos e mozas en extravagantes nunha sociedade ás veces tan estandarizada. Mais si é importante que teñan un criterio para discernir entre beneficios e prexuízos neste proceso global.

Este fenómeno global ten moitas vantaxes, mais no relacionado co noso patrimonio cultural córrese o perigo da homoxeneización.

**Que beneficios e prexuízos observan na homoxeneización da cultura?  
Que lles parecería se todos fixésemos o mesmo en todas partes?**



O que verdadeiramente nos fai únicos e especiais a respecto de outros é o noso patrimonio cultural: a lingua materna, a gastronomía tradicional, os deportes ou afeccións propias da rexión, etc. Se se perde iso que nos fai especiais, en que nos convertemos? Lembra que o patrimonio é riqueza e diversidade, non debe servir para competir sobre cal é mellor nin para enfrontar.

Cando aspectos tan intrínsecos a nós se perden e finalmente nos decatamos, sentimos un baleiro que pode levar a indignarnos por non ter feito nada, ou telo feito, en ocasións, tarde. Á fin e ao cabo, os trazos que destacamos do patrimonio inmaterial son parte da súa identidade.

**(Descubre máis na "Ficha patrimonio e identidade")**

Pode que o voso grupo non atope arraigo nos elementos próximos ao seu patrimonio inmaterial que expuxemos. Para este caso dámosvos outro exemplo. Que imaxinen que non puidesen escoitar a súa música, ver as súas series e películas ou xogar aos seus videoxogos preferidos.

**Que pasaría se un día desaparecesen porque non os coidamos?  
Que perden? Como se sentirían? Por que?**

Esta relación entre o que nos gusta e o que sentimos coa súa perda habitualmente non é igual á que sentimos pola perda de todas aquelas manifestacións do patrimonio cultural do seu esquema sobre monumentos, museos ou espazos naturais.

**Por que en ocasións non ocorre iso?**

**O motivo é que moitas das manifestacións pode que non as sintan como algo seu,  
como algo realmente importante.**

O patrimonio cultural cotián, aínda que non saiban que o é, é máis doado que o vexan como algo propio e sintan que hai que protexelo, dado que o incorporan ao seu día a día, é a súa esencia. Mais non adoita ocorrer o mesmo cos monumentos, museos ou espazos naturais.

**Que podemos facer para que os mozos e mozas o defendan e sintan o mesmo  
por todo tipo de patrimonios?**

**Algo tan sinxelo como conseguir que gocen del, que o coñezan, que o vivan, participen.  
En definitiva, que forme parte tamén da súa vida para que aprendan a valoralo.**

Por moito que as administracións públicas poñan en marcha accións en materia de defensa e conservación do patrimonio, débese tomar conciencia da nosa responsabilidade desde diferentes ámbitos da sociedade. Inculcar á mocidade o respecto polo noso patrimonio é unha tarefa que incumbe a titores e educadores. O patrimonio non é só pasado, é futuro.

**Agora preguntamos, que opcións propón o voso centro educativo para que o alumnado  
goce de TODO TIPO DE PATRIMONIO?**

## Propoñemos I: Gozastes este ano de parte dese patrimonio cultural...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Todos temos o compromiso e a responsabilidade de velar polo patrimonio cultural. A súa protección e salvagarda non ten que recaer só nas administracións, senón que debe ser algo noso.

**Como imos pedir responsabilidades a outros se non facemos nada por algo que é noso?**

Ese labor apréndese.

### Fin da etapa, merecido descanso...

Para finalizar a etapa deixámosvos un tema de debate interesante entre a necesidade da conservación e o goce: a conservación e o uso do ben patrimonial en ocasións pode ser incompatible. Como exemplo moi coñecido, paga a pena destacar a Cova de Altamira en Santillana del Mar, localidade cántabra pola que pasa o Camiño de Santiago.

O seu peche ao público, polos riscos


derivados da masificación de visitas, levou á construción dunha réplica. Mais, para que serve un patrimonio do que non se pode gozar?

Mais, e se o seu uso fai que desapareza? Para iso, hai que pór os medios axeitados e chegar a un adecuado equilibrio entre ambos.

Existe algún exemplo próximo para vós que presente un caso semellante?







## RISCOS PARA O PATRIMONIO CULTURAL **material**

Pouco a pouco, tomando conciencia no labor de conservación do patrimonio, deberemos confesar aos/as alumnos/as que en ocasións, por moito que nos esforcemos en protexelo, algúns tipos de patrimonio cultural son moi difíciles de conservar. Pola súa propia esencia, como por exemplo o material do que están feitos, poden sufrir danos que acabarán chegando e só podemos pospor. Estes danos veñen dados por **factores naturais ou humanos**.

Co esquema e os exemplos de cada tipo de patrimonio que era próximo á vosa localidade creado na etapa 6, imos propor que indiquen que tipo de perigo pode deteriorar ese patrimonio.

Presentámosvos algúns dos factores máis comúns de deterioración:

### **Factores naturais**

(Para unha mellor comprensión é interesante que amosedes imaxes dos efectos comentados)

#### **CLIMATOLOXÍA**

O sol e a chuvia son os principais axentes atmosféricos. Os cambios rápidos de temperatura son unha das causas de deterioración superficial de algúns materiais. O estrés causado polo efecto conxelación/desconxelación produce danos na integridade física do material.

A acción dos contaminantes atmosféricos tradúcese na sedimentación de partículas sobre a superficie dos materiais producindo efectos non só estéticos, como o ennegrecemento, senón tamén outros de tipo químico, como a erosión ou corrosión nos metais.

#### **CONTAMINACIÓN ATMOSFÉRICA**

#### **LUZ**

Tanto de tipo artificial como natural é moi daniña se incide de xeito directo nalgúns compoñentes de materiais como o papel, madeiras ou téxtiles, e ao tempo, nas tintas ou pigmentos utilizados. A calor producida tamén afecta de xeito negativo.

A humidade produce deterioración polos repetidos cambios de dimensións que se producen nas capas superficiais de materiais. Ademais, a auga facilita a aparición de axentes como o mofo ou outros microorganismos nocivos.

#### **HUMIDADE**

#### **ANIMAIS**

A composición dos excrementos de animais como as pombas, mesturada coa auga ou a contaminación atmosférica, favorece a aparición de ácidos que deterioran os materiais pétreos.

Circunstancias catastróficas, en ocasións imprevisibles, fan que o patrimonio quede destruído de xeito definitivo: lumes, terremotos, fenómenos atmosféricos extremos (treboadas, furacáns, etc.), inundacións, erupcións volcánicas, etc.

#### **RISCOS NATURAIS**

## Factores humanos

(Para unha mellor comprensión é interesante que amosedes imaxes dos efectos comentados)

### MASIFICACIÓN TURÍSTICA

O efecto do turismo no patrimonio trae consigo beneficios económicos, mais unha mala xestión é contraproducente e pode acabar por destruílo.

Unha restauración con toda a boa intención do mundo sen un criterio profesional axeitado pode ser tan prexudicial como non restaurar un ben patrimonial, producindo en ocasións máis danos que os que se querían solucionar.

### RESTAURACIÓNS

### DESLEIXO E ESQUECEMENTO

A falta de mantemento ou de información pode levar á ruína total dun ben patrimonial. Esta indiferenza pode vir tanto das Administracións Públicas como de parte dos cidadáns/as.

Unha das agresións máis comúns contra o patrimonio levada a cabo pola man do home. O desenvolvemento de campañas de concienciación é un dos medios idóneos para evitar que se produza.

### VANDALISMO

### ROUBO

Un delito con fins lucrativos que converte o patrimonio cultural nun negocio ilegal que xera millóns.

LA destrución do patrimonio cultural de xeito intencionado, por exemplo en conflitos armados, é unha constante na historia da humanidade. Destruílo é desmoralizar o contrario, xa que se son despoixados da súa identidade.

### RAZÓNS IDEOLÓXICAS

Os factores de risco para o patrimonio están presentes nos medios de comunicación, tristemente, de xeito continuo. Convida ao teu grupo a procuraren exemplos para comentar na clase e analizar se as razóns que levan á súa aparición coinciden coas nosas.

Ofrecémosvos un exemplo directamente relacionado co patrimonio cultural relacionado co Camiño de Santiago: o roubo que tivo lugar non fai moito do Códice Calixtino.

É moi importante destacar que unha vez se ten producido a perda do patrimonio cultural é para sempre, xa que o patrimonio é algo único e que non se pode substituír.

**Se unha parte do noso patrimonio material ou inmaterial se perde, mais facemos unha copia ou traemos un substituto do exterior (tradicións foráneas), pódese considerar que é o mesmo ou sería máis ben como crear un espectáculo para atraer turistas?**

A Lista Vermella do Patrimonio é un rexistro no que se inscribe o patrimonio que está en perigo de desaparecer, de ser destruído ou alterado, debido a condicións naturais ou provocadas polo ser humano. Este patrimonio ameazado inscríbese nesta lista para que se coñeza cal é a súa situación en todo o mundo e sexa posible artellar unha serie de medidas de emerxencia para salvalo. Procurade se nesta lista hai patrimonio próximo para vós:

<http://listarojapatrimonio.org/>

A nivel mundial hai outros moitos bens en perigo que aquí podedes descubrir:

<http://whc.unesco.org/en/danger/>



## Propoñemos II: Algúns materiais sofren un maior desgaste que outros cando son...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

Como teredes comprobado, os factores que poden afectar ao patrimonio son moitos, por iso algúns destes bens son conservados en institucións especializadas na súa protección, como os museos, onde se custodian baixo condicións axeitadas para evitar a súa deterioración. E é que desde este tipo de institucións se traballa non só na exhibición das obras de arte, senón que unha parte moi importante do seu labor moitas veces non está de cara ao público: referímonos aos traballos de conservación e restauración.

### Pensastes visitar un museo mais non pisar as súas salas de exposicións?

Algúns destes centros permiten a visita aos seus obradoiros de restauración e almacéns. Mais pola propia esencia dos espazos, non son visitas que se poidan facer de xeito periódico, polo tanto convidámosvos a contactardes con algún museo próximo para que vos explique *in situ* os seus traballos de conservación e restauración.

Se o planificades con tempo e comunicades que a visita forma parte dun programa no que o alumnado está a traballar nun proxecto de conservación do patrimonio cultural, estamos seguros de que estarán encantados de facilitarvos a visita.

Outra idea moi interesante e enriquecedora sería visitar un monumento que actualmente estea en proceso de restauración para coñecer os traballos de conservación e a intervención que se está a levar a cabo nel. Gozar destes traballos de restauración en vivo supón un valor engadido á visita ao monumento que realicemos co noso grupo.

Ademais, deste xeito realizaredes un achegamento ao voso patrimonio máis próximo no que os/as profesionais que traballan alí darán a coñecer ao alumnado o seu labor e estes valorarán o labor de conservación e restauración que desempeñan.

Para coñecer máis sobre o labor de **conservación dos museos** deixámosvos este enlace:

<https://www.mecd.gob.es/cultura-mecd/areas-cultura/museos/funciones-de-los-museos/conservacion/>

Na mesma liña de traballo tamén está presente o Instituto do Patrimonio Cultural de España. Trátase dunha institución estatal cuxa tarefa é a investigación, conservación e restauración dos bens que conforman o patrimonio cultural. Podes coñecer máis sobre el na súa web::

<http://ipce.mecd.gob.es/presentacion.html>

## Propoñemos III: Repararon se na actualidade se están a desenvolver labores de restauración...

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

No noso percorrido para coñecer e valorar o patrimonio cultural relacionado co Camiño de Santiago, xa elaboramos unha listaxe con aqueles bens que tiñan relación con el (Proposta I Etapa 6). Na protección e conservación de boa parte deses bens traballan moitas persoas que coidan e protexen as obras de arte e monumentos do Camiño de Santiago.

### Mais o propio Camiño, que é un ben cultural en si mesmo, quen o conserva?

Un xeito de coñecer de primeira man algunhas destas persoas é contactar coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. Parte da súa protección e recuperación é levada a cabo por estas asociacións.

### Que funcións cre o alumnado que poden levar a cabo?

Pensan que a sinalización, mantemento, etc., do Camiño de Santiago se fan sós?

Para coñecer máis do seu labor, neste e noutros sentidos, podeades contactar con eles a través da súa web:

<http://www.caminosantiago.org/cpperegrino/comun/federacion.asp>



Para finalizar, é importante destacar unha última idea: a restauración dun ben patrimonial non é maxia e en ocasións non é posible. De feito, a súa intervención é a última medida que se ten que dar para a súa protección. Para que iso non ocorra e conseguir que os danos nos bens sexan menores, desde as institucións que conservan o patrimonio traballan cunha idea: a conservación preventiva.

A conservación preventiva é unha intervención continua e integral que afecta a todos os bens culturais en conxunto. O seu campo de actuación implica tanto as condicións ambientais (temperatura, humidade relativa e contaminación), intensidade e calidade da luz, control orgánico de pragas, como as de exposición, almacenaxe, mantemento (limpeza, revisións periódicas) ou manipulación das pezas.

As precaucións que se toman en materia de conservación preventiva van encamiñadas a evitar ou reducir as causas potenciais de danos, evitando futuras intervencións sobre os bens.

### Neste campo, o alumnado é un experto e é posible que non o saiba.

Como protexen o seu teléfono móbil para que no sufra danos?

Rematada a nosa etapa, presentámosvos un traballo que engloba boa parte dos que amosamos ata o momento sobre a conservación do patrimonio.

**Propoñemos IV: As medidas para protexer un ben patrimonial poden nacer da nosa propia aula...**

Vai á fin da ficha para coñecer máis...

# PROPOÑEMOS

As propostas que presentamos a continuación son actividades de motivación orientadas a complementar as competencias e os contidos do currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, dentro do obxectivo que se marca o programa formativo «O Teu Camiño de Santiago, patrimonio de todos». Nesta ficha incluimos propostas para:



EDUCACIÓN  
FÍSICA



QUÍMICA



LINGUA

## Proposta I: Actividade físico-deportiva

**Gozastes este ano de parte dese patrimonio cultural...** que o alumnado destacou no seu esquema?

Museos, monumentos, espazos naturais, sitios arqueolóxicos, etc., son un potente recurso didáctico nas aulas e poden proporcionar un momento de lecer para o alumnado durante a súa visita ao mesmo.

Se aínda non tedes planificada ningunha saída e habitualmente no voso centro educativo é o profesorado o que as decide, para este ano propómosvos que sexan eles/as mesmos/as quen propoñan o seu destino. Cunha axeitada organización dos recursos (económicos, administrativos, etc.), sendo realistas e explicando os motivos que os levan á súa proposta é posible que vos sorprendan.

Ao tempo, se xa comezastes a traballar o tema do Camiño de Santiago dentro deste programa formativo, pode que o propio Camiño sexa unha das opcións escollidas polo alumnado. Pensastes como recurso didáctico nunha excursión en grupo para aproveitar o tramo do Camiño de Santiago que teñades máis preto? Gozastes del para comezar a sentilo? Esta contorna ofrécenos a posibilidade de realizardes actividades físico-deportivas.

Realizar o Camiño de Santiago pode ser duro se non imos suficientemente preparados. Traballade en común sobre aqueles aspectos que pensades que se deben coidar.

### Forma física

Non é preciso ser un atleta profesional mais é adecuado ir preparándose unhas semanas antes con algo de exercicio. Podedes tratar as peculiaridades que deben reunir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios para a saúde individual e colectiva.

### Material deportivo

As sandalias e os traxes de baño poden ser boas opcións para usalos en diferentes momentos da ruta, mais non para ir camiñando, lembrádeo.



## Equipo

Non todo é camiñar, polo que tede en conta que outras prendas serán necesarias para facer máis cómodo o Camiño, dado que hai obxectos imprescindibles: sacos para durmir se ides varios días; utensilios para o aseo; una pequena caixa de primeiros auxilios; etc. Usade o sentido común e lembade que todo o que metades na mochila ten o seu peso.

## Avituallamento

Debatede as necesidades alimentarias e de hidratación para a realización do Camiño. É tamén unha boa oportunidade para analizar criticamente as actitudes e estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual.



## Proposta II: Os materiais

**Alguns materiais sofren un maior desgaste que outros cando son...** expostos a factores externos.

Na súa vida cotiá, o grupo seguro que pode poñer moitos exemplos sobre como se deterioran os materiais co paso do tempo. O uso pode ser un dos factores máis comúns para eles.

Os seus obxectos electrónicos están igual que cando os mercaron? As súas pezas de roupa? Que ocorreu? Que medidas toman para protexeren os seus obxectos valiosos? (Convidámosvos de novo a buscardes o exemplo que vexades máis axeitado para o voso grupo)

Outro exemplo moi claro atopámolo na súa roupa. Co uso e lavado constantes ou unha exposición ao sol continuada, comprobamos como se van desgastando os tecidos e as cores.

Propómosvos levar a cabo un experimento na aula laboratorio de química para que o alumnado comprobe como os factores externos afectan aos bens patrimoniais. Para iso, podedes tomar materiais que sexan soporte habitual de obras de arte: papel, pedra, tea, madeira, metal, etc. Unha vez presentada a proposta, pasamos a aplicar sobre o material escollido un axente externo natural, que o leve a un proceso de deterioración. Podedes presentar unha táboa comparativa para que lles sexa máis doado cotexar os resultados:

|                                                                            |
|----------------------------------------------------------------------------|
| <b>MATERIAL</b>                                                            |
| <b>PAPEL; PEDRA; TEA; METAL; MADEIRA.</b>                                  |
| <b>AXENTE EXTERNO</b>                                                      |
| <b>HUMIDADE; AXENTES QUÍMICOS; LUZ; AUGA.</b>                              |
| <b>TIPO DE OBRA DE ARTE</b>                                                |
| <b>DOCUMENTO GRÁFICO, ESCULTURA, PINTURA, ...</b>                          |
| <b>TIPO DE DETERIORACIÓN</b>                                               |
| <b>MOFO, DESGASTE/EROSIÓN, CORROSIÓN, CALOR.</b>                           |
| <b>SOLUCIÓN POSIBLE</b>                                                    |
| <b>EVITAR PRESIÓN DE CONTACTO; PROTEXER DA LUZ, DA HUMIDADE, DA CALOR.</b> |

Comprobada a deterioración, formula ao alumnado diferentes cuestións, como:

**Que ocorreu?**

**Desde un punto de vista físico-químico, que proceso se deu?**

**Hai algún modo de solucionalo?**

**Que se pode facer desde as Administracións Públicas para evitar que ocorra este proceso daniño co ben?**

**Que poden facer eles/as?**

Como complemento a isto, tamén podedes traballar os factores de deterioración humana neses mesmos materiais e concluír debatendo se poden facer algo por evitalos.

Para rematar, poderían propor unha serie de medidas de conservación ao alcance da súa man para aplicar ao ben escollido da proposta III.

## Proposta III: Actividade exterior

**Repararon se na actualidade se están a desenvolver labores de restauración...** nalgún elemento do patrimonio cultural da súa localidade?

Un interesante traballo de campo sería que o propio grupo se informase dos traballos de restauración próximos a eles/as que se poidan estar a levar a cabo neste momento. Tras escoller un ben cultural, previamente se documentarán, investigarán, procurarán información sobre que danos sofreu co paso do tempo ese ben cultural, se foi restaurado ou reconstruído nalgunha ocasión, que ameazas poden afectalo actualmente, que medidas ou actuacións se están a levar a cabo ou poden pórse en marcha para protexelo, etc. Tamén é interesante que coñezan a historia do ben e a súa relación coa historia da localidade.

Para darlle outro enfoque e ampliar aínda máis os seus coñecementos, propómosvos que nesta ocasión o interese do traballo de campo se centre tamén nos/as profesionais que desenvolven estes traballos de conservación e restauración: funcións, tarefas concretas, estudos asociados, cal é a súa formación e experiencia nese campo...

## Proposta IV: Traballo comunitario

**As medidas para protexer un ben patrimonial poden nacer da nosa propia aula...** xa que conservalo e coñecelo está ben, mais de aí deben xurdir accións concretas.

Para colaborar na conservación dun ben patrimonial propómosvos crear unha campaña de protección dun ben próximo que se enmarque dentro dun labor de traballo comunitario.

Con esta actividade, eminentemente educativa, pretendemos por unha banda que exista unha relación afectiva entre o grupo e a súa contorna máis próxima. Por outra banda, trátase de producir unha mudanza tanto no xeito de pensar do grupo como no propio ben sobre o que ides actuar, un proceso de mellora e transformación social.

Proposta de pasos para desenvolver:

1. **Establecer con claridade o obxectivo** da nosa campaña: por exemplo, salvagardar ou poñer en valor un ben patrimonial próximo ao grupo, que neste momento pase desapercibido na contorna, mais que baixo o voso criterio sexa realmente relevante. Ocorresevos formular algún outro obxectivo?
2. É importante que sexa **o grupo quen escolla o ben patrimonial**, dentro dun proceso participativo e de escoita de todas as ideas dos/as compañeiros/as. Ninguén mellor que eles/as para saber que bens próximos precisan a súa axuda e crear realmente esa relación afectiva.
3. **Determinar que perigos sofre ou pode sofrer** nun futuro o devandito ben. Tamén pode ser un ben que non estea danado mais que nos interese pór en valor polo seu coñecemento por parte do resto da nosa contorna.

Para chegar ao obxectivo de que os mozos e mozas actúen de xeito responsable en favor do patrimonio cultural, será importante traballar o tema en equipo para ir máis aló de simples respostas: non podemos quedar en dicir aos participantes que non toquen, non rompan ou non pinten. O importante será promover unha actitude crítica e curiosa, un novo xeito de actuar.

4. **Consensuar que accións** debemos levar a cabo para conseguir os obxectivos formulados. **Que medidas poden tomar para participar na protección do ben ou revalorizalo?**

**Primeira fase:**

- proposta de melloras con responsables municipais (sinalización, iluminación, etc.).
- amosar nas redes sociais o estado en que se atopa para denunciálo e protexelo, e tamén para divulgar a súa beleza e importancia para vós.
- actuación directa de limpeza ou coidado. **Antes de intervir, é imprescindible deixavos asesorar por especialistas en materia de conservación para que as vosas accións non sexan nocivas para o propio ben. Ademais, débese contar coa autorización expresa e guía dun técnico de patrimonio do Concello ou a Comunidade Autónoma. Tédeo moi en conta para evitar males maiores. Para iso, contactade primeiro coa institución que xestiona o ben patrimonial;**

**Segunda fase:**

*(Descubre máis na “Ficha patrimonio e turismo cultural”)*

5. **Avaliar o impacto da súa acción** de traballo comunitario. Por último, lembre que o papel do grupo para evitar futuras deterioracións non se circunscribe só ao coidado do patrimonio, senón a que os/as participantes deben converterse nun medio de comunicación da mensaxe aprendida e transmisores de valores entre os seus.